

PEQUENO AZUL E PEQUENO AMARELO

Texto e ilustracións de LEO LIONNI

Tradución de PILAR MARTÍNEZ e CHEMA HERAS

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 48 páx. 13 €.

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

Pequeno Azul e Pequeno Amarelo (galego)
ISBN 978-84-8464-795-9. Tras os montes.

Pequeño Azul y Pequeño Amarillo (castelán)
ISBN 978-84-92608-34-8. Libros para soñar.

Pequeno Azul e Pequeno Amarelo (portugués)
ISBN 978-972-8781-53-8. Livros para sonhar.

El petit Blau i el petit Groc (catalán)
ISBN 978-84-8464-811-6. Llibres per a somniar.

Urdin Txiki eta Hori Txiki (eusquera)
ISBN 978-84-7681-761-2. Kalandraka-Pamiela.

*...Un día, Mamá Azul díxolle: "Teño que saír, agárdame na casa".
Pero Pequeno Azul foi buscar a Pequeno Amarelo á casa
de enfronte. A casa estaba baleira. ¿Onde estaría Pequeno
Amarelo? Buscouno por todas partes... ata que, de súpeto,
á volta da esquina ¡Alí estaba Pequeno Amarelo!
Moi ledos, abrazáronse. Abrazáronse tan forte...*


Cando lle preguntaron á ilustradora alemá Jutta Bauer polo libro "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo", calificouno como "a obra dun mestre". Leo Lionni empregou un sistema tan eficaz e sinxelo como uns anacos de papel e unhas poucas palabras, para contar unha historia entrañable. KALANDRAKA recuperou este conto maxistral que, malia remontarse a 1959, foi precursor na súa época e mantén aínda toda a súa vixencia. A historia destaca pola tenrura e pola orixinalidade da proposta plástica, en perfecta harmonía cun texto a base de frases simples e descritivas.

Dúas pequenas cores fúndense nun abrazo sen decatarse de que se convirten nunha nova cor, o que fai que ninguén as recoñeza. As bágoas fanlles recuperar a súa forma orixinal, un descubrimento que celebran e comparten con todos os seus amigos. É así como, a partir de entón, xogarán a crear novas gamas cromáticas.

Baixo a aparente naturalidade deste relato subxace unha historia que enxalza a amizade, a inocencia, a identidade individual e colectiva; á vez que os primeiros lectores reciben unha lección artística sobre cores, tamaños e direccións. Aplicada a estes tempos, Leo Lionni transmite que non importan as diferenzas entre as persoas cando o relevante é a solidariedade, a comprensión e a convivencia.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** as diferenzas; a amizade; a arte.
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
- **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil de todos os tempos; arte; do autor de "Frederick", "A casa máis grande do mundo", "Nadarín", "Paso a paso", "O soño de Matías", "Álex e o rato de corda", "Cornelio", "Cores" e "Números" (Kalandraka).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/azul-y-alo-g>

Leo Lionni

(Amsterdam, Holanda, 1910-Toscana, Italia, 1999)

Leo Lionni creceu nun ambiente artístico -a súa nai foi cantante de ópera, e o seu tío Piet, un afeccionado á pintura- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. En cambio, a súa formación non foi artística, xa que se doutorou en Economía. En 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939, traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia, na Corporación Olivetti e na revista Fortune. Tamén medrou a súa reputación como artista e os seus cadros exhibíanse nas mellores galerías, dende Estados Unidos a Xapón. Como el mesmo dixo: "Dalgún modo, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia". O seu primeiro libro para nenos non chegou ata 1959, e xurdiu case por casualidade: durante unha viaxe en tren ocochéuselle entreter os seus netos cun conto feito a base de anacos de papel de seda. Así naceu "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo", ao que lle seguiron máis de 40 obras aclamadas en todo o mundo pola crítica especializada. Polos seus méritos como escultor, deseñador, pintor e ilustrador, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.



Pero Mamá Azul e Papá Azul dixeron:
"Ti non es o noso Pequeno Azul, ti es verde!"



E' Mamá Amarelo e Papá Amarelo dixeron:
"Ti non es o noso Pequeno Amarelo, ti es verde!"